

## Á MESA DA COMISIÓN 1.<sup>a</sup>.

O **Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda**, por iniciativa da súa deputada Carmen Santos Queiruga, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **EMENDA** á Proposición non de lei doc. núm. 52563, do Grupo Parlamentario Popular, sobre as actuacións da Xunta de Galicia relacionadas coa prohibición da publicidade do xogo en liña e do xogo presencial de competencia autonómica dos establecementos de xogo da comunidade autónoma na Radio e na Televisión de Galicia, independentemente do horario ou da programación de que se trate, incluída na orde do día da sesión que esta Comisión vai celebrar o 18 de setembro de 2019. (10/PNC-004192).

### EMENDA DE MODIFICACIÓN

Débase substituír a parte resolutiva da Proposición non de lei pola seguinte:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a prohibir expresamente todo tipo de publicidade, promoción, patrocinio e calquera outra forma de comunicación comercial relacionada coas actividades dos xogos, apostas e outras actividades comprendidas no ámbito de aplicación da Lei Reguladora dos Xogos e Apostas de Galicia, sendo de cumprimento expreso tamén para axencias de publicidade, axencias de medios e medios de comunicación.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2019.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Vicevoceira do G.P. Grupo Común da Esquerda.





**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Santos Queiruga na data 17/09/2019 17:44:12**



**Á Mesa da Comisión 1.<sup>a</sup>,  
Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario Mixto, sobre a demanda ao Ministerio de Xustiza en relación co aumento de recursos humanos e materiais para a Oficina Fiscal en Galicia, co obxectivo de converxer coa media recomendada polo Consello de Europa, e a creación dunha fiscalía contra a corrupción e a criminalidade organizada en Galicia (10/PNC-004233, documento número 53226)

**Emenda de adición**

Débase engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“2 bis. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- a) Que realice, antes de que remate o ano 2019, unha auditoría externa que avalíe a implantación do sistema de comunicacións “Lexnet” nas Fiscalías galegas, analizando o proceso e as condicións de execución do mesmo e centrando os esforzos na supresión do desaxuste que o sistema “Lexnet” ten en relación coa aplicación informática “Fortuny.
- b) Que proceda ao total desenvolvemento do novo proxecto denominado Fiscalía Dixital antes de que remate o ano 2019.
- c) Que cumpra o Decreto 124/2014, de 11 de setembro respecto do número de oficinas e á ratio ideal por Fiscalía.”

Pazo do Parlamento, 17 de setembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 17/09/2019 17:58:26  
**Nº Rexistro: 55915**  
Data envío: 17/09/2019 17:58:26.985

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 17/09/2019 17:07:20**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/09/2019 17:07:31**

CSV: REXISTROhvQjItsh9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



## Á Mesa da Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para demandar do Goberno do Estado a publicación da listaxe de bens inmatriculados pola Igrexa Católica e o estudo das vías legais para a súa nulidade, así para crear unha oficina de asesoramento ás entidades reclamantes e promover a anulación das inmatriculacións de bens de dominio público en territorio galego (10/PNC-004318, documento número 54147)

### Emenda de modificación

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

#### 1. Demandar do Goberno do Estado:

- a) Que faga pública a listaxe de bens inmatriculados pola Igrexa Católica dende 1998 ata 2015 coa relación dos bens inmatriculados en Galicia a favor desta confesión relixiosa e como consecuencia do Real decreto 1867/1998, do 4 de setembro, tendo en conta a posibilidade de que se rexistrasen ilegalmente templos dedicados ao culto.
- b) Que estude as vías legais precisas para poder demandar a anulación das inmatriculacións realizadas pola dita confesión relixiosa cando estas inmatriculacións se tivesen feito sen título material e previo que as xustificase ou cando os bens non fosen susceptibles de titularidade privada por ser de dominio público.
- c) Que estude as vías legais tendentes a impedir a consolidación do dominio da Igrexa Católica ou outros dereitos reais inmatriculados a favor da mesma en Galicia, cando estas inmatriculacións se tivesen feito sen título material e previo que as xustificase ou cando os bens non fosen susceptibles de titularidade privada por ser de dominio público.
- d) Que adopte as medidas oportunas para garantir que as propiedades da Igrexa Católica paguen o Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI).



2. Asemade, unha vez coñecidas as inmatriculacións de bens correspondentes ao territorio galego, que cree unha oficina de información e asesoramento ás entidades que poidan reclamar estes bens, coadxuvando a Xunta de Galicia nas vías legais resultantes dos estudos mencionados nos puntos 2º e 3º antes mencionados.”

Pazo do Parlamento, 17 de setembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 17/09/2019 17:07:47**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/09/2019 17:07:59**



## Á Mesa da Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as actuacións da Xunta de Galicia relacionadas coa prohibición da publicidade do xogo en liña e do xogo presencial de competencia autonómica dos establecementos de xogo da comunidade autónoma na Radio e na Televisión de Galicia, independentemente do horario ou da programación de que se trate (10/PNC-004192, doc. núm. 52563).

### Emenda de modificación

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a prohibir totalmente a publicidade do xogo on line e do xogo presencial na radio e na televisión de Galicia, independentemente do horario ou a concreta programación de que se trate.”

Pazo do Parlamento, 17 de setembro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 17/09/2019 17:56:20**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/09/2019 17:56:31**



## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Paula Prado del Río, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario de En Marea (**10/PNC-003763**) (**46748**) sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da evolución da adicción ao xogo en Galicia, en particular na mocidade, así como a elaboración en colaboración co Goberno central dunga estratexia política para a súa prevención e o seu tratamento.

## Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a facer unha enquisa anual que permita recoller datos acerca da evolución da adicción ao xogo na comunidade, prestando particular atención á xente moza e a elaborar unha estratexia política, en colaboración co Goberno do Estado, que permita prever e tratar a adicción ao xogo na mocidade. Ambas premisas no marco das funcións que se lle atribúan ao Observatorio Galego do Xogo, unha vez aprobada a Lei reguladora dos xogos de Galicia.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 17/09/2019 18:03:45**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com







**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/09/2019 18:05:59  
Nº Rexistro: 55918  
Data envío: 17/09/2019 18:05:59.320**

**Paula Prado Del Río na data 17/09/2019 18:04:15**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTROBzX4g84MN9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Isabel Novo Fariña, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario Parlamentario dos Socialistas de Galicia **10/PNC-003275(40544)**, sobre o remate polo Goberno galego na X Lexislatura, e coa consignación orzamentaria necesaria para os anos 2019 e 2020, de diversas actuacións relacionadas coa cidade de Pontevedra.

## Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a rematar, antes do fin desta lexislatura e con dotación orzamentaria suficiente nos orzamentos para 2019 e 2020, as seguintes actuacións con relación á cidade de Pontevedra:

1. A chamada variante de Alba.
2. Un complexo intermodal que englobe as actuais estacións de autobuses e de tren facilitando a intermodalidade entre ambos os dous medios de transporte públicos.
3. Un pavillón para o barrio de A Parda





4. Un plan de transporte metropolitano e urbano para a cidade dentro do Plan de Transporte Público de Galicia e no que o Concello de Pontevedra cofinancie a parte do transporte urbano da súa competencia.
5. Unha nova residencia da terceira idade totalmente pública
6. A rexeneración da ría de Pontevedra (incluídas a EDAR de Os Praceres e a dragaxe do fondo da ría).
7. A solución dos problemas no Punto de Encontro Familiar, cambiando a súa situación e incrementando o persoal ao seu servizo.-
8. A mellora das condicións arquitectónicas, das persoas usuarias e do cadro de persoal da “Residencia de Maiores de Campolongo” e do centro de menores “Avelino Montero”.
9. O reforzo dos equipos de Valoración da Discapacidade e o acondicionamento do local no que se sitúan.
10. Seguir cumprindo as obrigas ás que se comprometeu o Goberno galego no convenio firmado coa Deputación de Pontevedra o 22 de xaneiro de 1991 -posteriormente ratificado no ano 2000- e relativas á conservación do Pazo de Lourizán, tal e como se indica na memoria elaborada polo Servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 17/09/2019 18:06:53**

**María Isabel Novo Fariña na data 17/09/2019 18:07:30**



## Á MESA DA COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA DE INTERIOR

O GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, a iniciativa do seu voceiro **Luís Villares Naveira** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de adición**, á **Proposición non de lei nº 52563 (10/PNC-004192) do Grupo Parlamentario Popular**, incluída na orde do día da devandita Comisión que se vai celebrar o 18 de setembro de 2019.

### **Emenda de adición.**

#### **Débase engadir o seguinte texto:**

"instando á Xunta igualmente a que se dirixa ao goberno do Estado a que faga o mesmo no ámbito da súa competencia."

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**





**Luis Villares Naveira na data 17/09/2019 18:17:35**

